



Resolución do 27 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convoca o curso de actualización para o desenvolvemento da función directiva.

A formación permanente do profesorado enténdese como unha actividade encamiñada ao desenvolvemento persoal e profesional do profesorado para optimizar a súa capacidade de resposta ás funcións que a sociedade lle encomenda. Tanto é así, que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu texto consolidado, recoñece no seu artigo 102 que constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros.

Dita Lei Orgánica tamén aborda no seu Capítulo IV a dirección dos centros públicos facendo fincapé nas competencias da dirección, e indicando no artigo 131.5 que as Administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos centros docentes, mediante a adopción de medidas que permitan mellorar a actuación dos equipos directivos en relación co persoal e os recursos materiais e mediante a organización de programas e cursos de formación.

A aprobación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, supuxo unha nova transformación do modelo directivo, apoiado no aumento de autonomía dos centros e o reforzo da capacidade de xestión da dirección, establecendo dita autonomía xunto co liderado dos seus directores e directoras como factores clave para a transformación do sistema educativo cara ás novas demandas de aprendizaxe do século XXI. Esta Lei Orgánica 8/2013 modificou o artigo 134.1 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, incluíndo entre os requisitos para poder participar no concurso de méritos para a selección de directores e directoras de centros docentes públicos “estar en posesión da certificación acreditativa de ter superado o curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva”.

Este curso de formación proporcionará as competencias xenéricas e específicas para o desenvolvemento da función directiva, e as súas características quedaron recollidas e reguladas polo Real Decreto 894/2014, do 17 de outubro, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Nel se recolle que os cursos de formación terán validez indefinida, pero que transcorrido o prazo de oito anos desde a expedición da acreditación deberá levarse a cabo a actualización dos contidos sobre os que se exercen as competencias, mediante a superación dos cursos de actualización. Dita superación do curso de actualización en ningún caso será necesaria para a renovación do nomeamento de directores/as, pero poderá ser tida en conta como mérito nos procedementos de selección. Tamén se recolle, na disposición transitoria única, respecto da participación nos



procedementos selectivos de dirección de centros públicos, a suficiencia do curso de actualización de competencias directivas para quen estea en posesión de habilitacións ou acreditacións de dirección de centros públicos expedidas con anterioridade á data de entrada en vigor da Lei Orgánica 8/2013, e para quen se atopase ocupando postos de director ou directora en centros docentes públicos á data de entrada en vigor da Lei Orgánica 8/2013 ou durante os cinco anos seguintes.

Polo tanto, faise necesario convocar un proceso de actualización para o desenvolvemento da función directiva nos centros educativos sostidos con fondos públicos, que permita contar con direccións que posúan as competencias para levar a cabo a función de dirección coa maior garantía de éxito posible, contribuíndo a unha mellora da calidade educativa dos centros, cuxos efectos deberán estenderse cara a toda a comunidade educativa.

Na súa virtude, en consonancia co establecido na normativa básica de referencia,

RESOLVO:

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto convocar para a Comunidade Autónoma de Galicia o curso de actualización para o desenvolvemento da función directiva, de acordo co disposto no Real Decreto 894/2014, de 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como dos correspondentes cursos de actualización de competencias directivas.

Segundo. *Persoas destinatarias*

Considerase persoa destinataria a todo o persoal docente funcionario que pertenza aos corpos que impartan as ensinanzas establecidas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, con destino durante o curso académico 2020/21 nalgún dos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, e que se atopen nalgunha das situacións definidas nos puntos 1 e 2 da disposición transitoria única do Real Decreto 894/2014:

- Estar en posesión de habilitacións ou acreditacións de dirección de centros públicos expedidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro.



- Estar ocupando, na data de entrada en vigor da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, ou durante os cinco anos seguintes, un posto de director ou directora nun centro docente público.

Terceiro. *Características da formación*

1. Esta actividade de formación ten como finalidade principal facilitar ás persoas participantes a actualización das competencias necesarias para o desempeño das funcións propias do posto de director ou directora dos centros docentes públicos nos que se imparten as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

2. Os contidos a traballar serán os que se determinan no Real Decreto 894/2014, do 17 de outubro, polo que se desenvolven as características do curso de formación sobre o desenvolvemento da función directiva establecido no artigo 134.1.c) da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e os determinados pola administración competente en materia de educación na nosa comunidade autónoma. En consecuencia, o programa formativo sobre a actualización de competencias conterà oito módulos recollidos no Anexo I da presente convocatoria sobre módulos e contidos mínimos.

3. Convócanse un total de 125 prazas. Este número poderá ser ampliado en función da demanda procedente do profesorado que cumpra os requisitos previstos no artigo 134 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, según a redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

4. Esta actividade levarase a cabo durante os meses de novembro a marzo mediante a modalidade de curso de formación en rede cun total de 75 horas de duración.

5. O curso, incluído no Plan Anual de Formación do Profesorado, será desenvolvido pola rede de formación do profesorado e xestionado a través da plataforma FProfe: <https://www.edu.xunta.es/fprofe>.

Cuarto. *Solicitudes e criterios de admisión*

1. Poderán presentar solicitudes para esta convocatoria as persoas que cumpran os requisitos establecidos no apartado segundo desta resolución.

2. Os criterios de admisión e matrícula serán os establecidos no apartado 2 e no plan anual de formación do profesorado, quedando recollidos coa orde de prioridade que segue:

- Ter destino asinado
- Ter exercido a dirección durante a transitoria LOMCE
- Dispoñer da acreditación á dirección



- Ser funcionario
- A antigüedad

3. O profesorado interesado en participar na convocatoria deberá realizar a inscrición na aplicación FProfe: <https://www.edu.xunta.es/fprofe>, de acordo cos prazos establecidos para esta actividade na plataforma.

Quinto. *Proceso de selección*

1. As persoas que resulten provisionalmente seleccionadas, pasen á lista de reserva, ou sexan rexeitadas, recibirán a través da aplicación FProfe a comunicación correspondente, debendo confirmar ou renunciar á súa participación, así como realizar as reclamacións pertinentes ao CAFI, no prazo establecido que de 3 días hábiles.
2. Logo deste período, as persoas definitivamente seleccionadas recibirán confirmación a través de FProfe, pasando a estar admitidos. A partir dese momento consideraranse efectivamente matriculados e non poderán realizarse renuncias ao curso, entendéndose estas como abandonos.
3. Contra esta resolución, cabe interpoñer un recurso de alzada ante o secretario xeral de Educación e Formación Profesional, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte a aquel en que se reciba a notificación, de acordo co artigo 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexto. *Certificación do curso de formación*

1. Unha vez finalizado o curso, as persoas participantes que reciban unha avaliación positiva na totalidade dos módulos, obterán un certificado de 75 horas de formación para o desempeño do cargo do director ou directora de centros educativos públicos nos que se impartan as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
2. De acordo co artigo 3.4 do Real Decreto 894/2014, para obter a certificación acreditativa de ter superado o curso, será preciso que as persoas participantes realizaran todas as actividades indicadas polo profesorado-titor e teñan superada a avaliación de cada un dos módulos do curso.
3. A certificación será sobre o curso no seu conxunto e non se certificarán módulos independentes.

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación e Universidade – Secretaría Xeral Técnica,



coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá e do seu expediente persoal.

2. O tratamento dos datos basease no consentimento da persoa interesada, que se fai efectivo coa presentación de solicitude de participación nesta convocatoria.

3. Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios. Non se prevé a comunicación de datos a terceiros.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Nese enderezo web poderase tamén contactar co delegado de protección de datos e obter máis información.

5. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos.

Disposición adicional segunda. *Exención da realización e avaliación de certos módulos*

En caso de ser seleccionadas, as persoas que estean en posesión dun máster ou título de posgrao, ambos de carácter oficial, sobre dirección e xestión de centros docentes, quedarán exentas da realización e avaliación de todos os módulos troncais, agás o módulo referido ao "Proxecto de dirección", tendo que cursar tamén o módulo específico da comunidade e o referido a prevención e seguridade fronte á COVID-19, tal e como se establece na disposición adicional única do Real Decreto 894/2014, do 17 de outubro. Quen se atope nesa situación non computará a efectos da asignación no cómputo total de prazas ofertadas. As persoas que se atopen nesta situación deberán comunicalo previamente vía correo electrónico á dirección funciondirectiva@edu.xunta.gal e presentar a copia do título correspondente mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, empregando unha solicitude xenérica mediante o servizo PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. Para a presentación electrónica



poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2020



Jose Luis Lema Lema

Secretario xeral de Educación e Formación Profesional

ANEXO I

Programa formativo: módulos e contidos mínimos

Módulo I (troncal). Actualización sobre o marco normativo aplicable aos centros docentes.

Módulo II (troncal). Xestión das propostas institucionais.

- a) Ferramentas para a avaliación, reflexión e mellora dos documentos institucionais e dos de planificación.
- b) Estratexias para a mellora da imaxe institucional, colaboración e promoción externa do centro.
- c) Boas prácticas na prevención de conflitos e a mellora da convivencia.
- d) Implementación de plans de mellora dos resultados académicos
- e) Xestión do centro por proxectos.

Módulo III (troncal). Xestión eficiente e eficaz dos recursos do centro docente.

- a) Ferramentas para unha xestión de calidade.
- b) Aproveitamento das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no centro. Ferramentas informáticas. Traballo en redes. Desenvolvemento de novos modelos de ensinanza e aprendizaxe.
- c) Colaboración cos servizos de apoio aos centros e programas institucionais. Programas educativos europeos para a mellora das aprendizaxes.

Módulo IV (troncal). Factores clave para unha dirección eficaz.

- a) Estratexias para desenvolver un liderado compartido.
- b) Tendencias europeas en liderado educativo. Plataformas de formación e colaboración. Boas prácticas.
- c) Ferramentas para o exercicio do liderado cara a mellora da aprendizaxe e desenvolvemento de habilidades para a innovación, a motivación, o espírito emprendedor, o “coaching” e a orientación.
- d) Estratexias para a mellora da comunicación interpersonal e funcionamento de grupos. Habilidades emocionais. Toma de decisións. Técnicas de negociación. Xestión do tempo.

Módulo V (troncal). Rendición de contas e calidade educativa.

- a) Modelos de xestión de calidade e autoavaliación dos centros docentes.



- b) Exercicio da autonomía, a transparencia e a rendición de contas.
- c) Xestión do cambio nos centros. Plans de mellora. Planificación estratéxica dos procesos.

Módulo VI (específico). Módulo específico de Galicia.

- a) Centros inclusivos: deseño e accesibilidade universal. Atención á diversidade como centro do sistema.
- b) Igualdade, co-educación e prevención da violencia de xénero.
- c) Proxecto educativo do centro.
- d) A formación do profesorado.
- e) Ferramentas e aplicacións institucionais.
- f) A organización do centro.
- g) Permisos e licenzas. Normativa.
- h) Xestión de equipamentos. Trámite de seguros.

Módulo VII (troncal). Proxecto de dirección.

- a) Análise diagnóstica do centro docente.
- b) Áreas de mellora.
- c) Obxectivos do proxecto.
- d) Plans de actuación e a súa temporalización.
- e) Recursos e organización do centro para o logro dos obxectivos.
- f) Seguimento e avaliación do proxecto: indicadores de logro.

Módulo VIII (troncal). Prevención e medidas de seguridade fronte ao COVID-19.